

I

Non o ides crer pero non son quen din os datos dos meus documentos. Non son nin o da partida de nacemento, nin o do documento nacional de identidade; non son quen declara o meu pasaporte. Eses datos son falsos, son os dun meu curmán morto aos poucos días de nacer.

Eu son moito máis vello do que indican os papeis. Sempre tiveren máis idade de que aparentei. Sempre é un dicir. Agora, ancián consumido, xa non se me ve a diferenza entre a fasquía e os anos cumpridos, desavinza que Nito sufrira noutrora durante anos.

Nin coidadores, nin médicos toman a serio a miña reclamación de vellez, nin a neta parece interesada na miña leria por desenterrar a anormalidade coa que nacín. A quen lle importa se teño case noventa anos ou máis de cen? Pero falar, falo. Converso cos outros residentes ou con Valentín e, desde hai uns meses, con ela cada vez que vén de visita. Falo por encher os meus días, por entreter as horas. As súas e, sobre todo, as miñas nun proxecto de distracción e resistencia, como todos os vellos.

Decide que é literatura ou lideira senil, pero podo ver as miñas vidas lonxe, despregadas como cousas sucedidas a outras persoas, episodios doutra época, que semellan imaxinados antes que vividos. Estampas desgastadas, perdidas as súas cores coa luz deitada nelas por tantos anos. Esa luz, alento poderoso que vira as cores dos tecidos, da madeira e mesmo da pedra; esa que mata o brillo dos metais e arruína o papel; a que todo mirra e desloce. Esa luz que estraga todo e din tempo.

Vexo as miñas vidas distantes, case alleas. Imaxínade unha vida sen televisión, pois eu vivina; unha de comunión diaria, unha outra ocupada no traballo político clandestino, eu vivinas; ou de ama de casa a batallar sen cesar contra a insidia do po, pois tamén fun iso durante anos; peón, soldador nun estaleiro, profesor de pasantías. Sonvos moitas vidas, mesmo agora ando de estrea como avó serodio, aínda que non chegase a pai do meu fillo biolóxico.

Algunhas desas vidas veñen sostidas por coñecidos entrañábeis, perdidos de vista hai moito tempo pero recoñécíbeis, outras aparecen animadas por descoñecidos, desagradábeis estraños de trazos familiares que acenan na sombra e dinme: son ti, son ti mesmo, sen eu crelos de todo de tan impropios e afastados que os vexo.

A vellez é distancia de todo. De todo menos do propio remate anunciado polas dores e os achaques. Distancia e un peso crecente no carrelo que nos obriga a andar máis amodo, sen forzas para variarmos o rumbo, condenándonos a un deixármonos ir descontando os días. Inda que agora, como unha prórroga, teñamos a senectude prolongada en precario, dubidoso agasallo e prezada mercadoría da industria da saúde.

Tiven eu moitas vidas. En realidade, todos temos varias. Etapas dunha mesma dinlle, pero sonvos diferentes existen-

cias, ás veces sucesivas. Son moi distintas unhas das outras. Non é o mesmo o corpo que as sostén, nin os valores que as iluminan, nin a compañía en todas elas adoita ser a mesma, nin sequera as soidades son idénticas. Por non falar das persoas que manteñen simultaneamente varias formas de vida, existencias estancas, independentes unhas das outras, cada unha cos seus horarios e, adoito, máis ou menos agachada algunha delas. Tamén non falo das biografías fantásticas que discorren no interior sen chegaren a encarnar. Non. Falo dos días vividos, vistos e oídos, das accións feitas e das palabras ditas aos outros, das angueiras e desenganos, dos afectos sentidos e das traizóns datadas. Falo das xornadas construídas por actos e dos días gastados con renunciadas.

Temos varias vidas, nin sequera a nosa fisioloxía é igual no decorrer dos anos. Nacemos inacabados, o cranio sen soldar, as sinapses sen conectaren todas, incapaces de dixerirmos outra cousa que leite, as hormonas por chegar... Nacemos sen conciencia, vultos, bichos tan incompletos que apenas somos; existimos por e para os outros antes que para nós; imos levados nunha subsistencia de animalións protexidos e indefensos por anos, até que conseguimos construírnos fronte a quen tanto debemos e procuramos distinguirnos, erguernos, sen saber ben como e, mormente, contra quen nos quere.

A fisioloxía dinos que o noso corpo, transformado constantemente, non é o mesmo. A pel renóvase unha vez por mes; o recubrimento do estómago tamén cambia, cada cinco días é outro; o fígado rexenérase cada seis semanas; o esqueleto muda cada tres meses. Nun ano, arredor do noventa e oito por cento dos átomos do noso corpo é trocado por outros distintos. Desde o punto de vista fisiolóxico, o noso envellecemento, o desgaste das propias células, non vai máis

aló do un por cen anual a partir dos trinta anos. Necesitáramos cento trinta anos para morrer de vellez. Claro que a conciencia do vivido é outra cousa menos obxectiva e a cultura do envellecemento trae outras vivencias, sentímonos envellecer cando deixamos de medrar, cando o pasado comeza a pesar máis que o futuro.

Ninguén ten unha vida que poida ser considerada única, idéntica a si mesma ao longo das idades cumpridas. Que ten que ver a nena asustada polo propio sangue estreado, co avoa sostida no medrar do neto?; que grao de semellanza garda o neno que vive no seu figurar extraordinarias aventuras, co pai de familia rillado polas obrigas? Temos de estábel o nome, os documentos renovados cando cadra e pouco máis, unha carcasa de obrigas administrativas que tenta conxelarnos nunha identidade fixa. Gardamos as referencias externas de familiares e coñecidos e procuramos chantar a súa permanencia en nós; aloumoñamos a teima por definir unha propia e única personalidade que nos faga máis diferentes do que xa somos. Queremos ser exclusivos, especiais sobre os nosos contemporáneos e, con todo, ninguén pode evitar pasar por varias vidas. Ás veces, mesmo á mantenta, ensaiamos construír outra nova sobre as ruínas da anterior. Refacemos proxectos e inventamos esperanzas por edificar-mos unha nova casa cos entullos do fracaso, ninguén reconstrúe sobre o éxito.

Na natureza, a materia, quer aberta quer secretamente, bole incesante transformándose. Sabémolo ben pero non o aceptamos até o fondo, non asumimos as consecuencias do noso ser esencial: material mudanza, cousa transitoria sen esencia. Dicar que temos unha única vida é tanto como dicir que o noso ser non varía e que temos unha natureza

permanente —acaso unha alma?— por baixo ou por riba das idades e que o Eu, artificio grego, ou por mellor dicir platónico, saído da espenuca e sostido coa axuda dos próximos, é independente da materia que o sostén e pode ir á marxe do corpo, até que este lle lembra que está a sostelo todo.

Temos mente, certo, pero ela tampouco é a mesma ao longo da propia existencia, nin ten as mesmas luces, nin os mesmos horizontes, nin os mesmos contidos. Ela tamén vai acumulando pasado, tornándose noutra. Queiramos que non a conciencia muda tanto ou máis que o corpo.

Certamente, para manter a precaria continuidade temos a memoria, esa facultade mentireira que inventa máis do que recorda. Ela é o ganduxo que amece as pezas diferentes con longas e provisionais puntadas. Fráxil unión. Amece as distintas vidas pero non alcanza para disolver as súas diferenzas, conta un conto con distintos personaxes aos que lles pon o mesmo nome.

Ao longo dos anos temos de permanente case o mesmo que temos en común uns cos outros: sermos materia organizada. Todos somos expresión da vida, certo, todos somos idéntica materia estruturada. Uns poucos e idénticos elementos, sempre átomos bulideiros, organizados en vida, a traballaren contra o aumento da desorde que goberna o Universo, contra a degradación xeral que constitúe o tempo e dinlle Segundo Principio da Termodinámica. Pero esa identidade tan xeral, unhas poucas bases nitroxenadas no ADN e no ARN, non din nada da nosa individual e concreta dimensión consciente, do noso ser humano, que é o que aquí importa, iso que lle pasa á materia cando é quen de pensarse coa axuda da desmemoria. No meu caso de pensar, de lembrar unhas vidas, as de Casiano, tan longas e tan fuxidías, as vidas de Nito.